



PROGRAMA “XUNTOS POLO NADAL”

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria organiza este programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

Prazas e destinos

Ofrécense un total de **270** prazas distribuídas do seguinte xeito:

--Residencia de Tempo Libre de O Carballiño (Ourense)

130 prazas totais para as persoas solicitantes das provincias de Pontevedra e Lugo, distribuídas proporcionalmente segundo poboación:

Pontevedra: 97 prazas

Lugo: 33 prazas

– Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra)

140 prazas totais para as persoas solicitantes das provincias da Coruña e Ourense, distribuídas proporcionalmente segundo poboación:

A Coruña: 110 prazas

Ourense: 30 prazas

Datas e servizos

Este programa levarase a cabo entre o día 23 de decembro de 2025 e o día 7 de xaneiro de 2026, en tres quendas diferentes, das que só se poderá elixir unha:

- **23 de decembro de 2025 ao 7 de xaneiro de 2026 (16 días)**
- **23 ao 30 de decembro de 2025 (8 días)**
- **31 de decembro de 2025 ao 7 de xaneiro de 2026 (8 días)**

O programa inclúe os seguintes **servizos**:

- Estancia na residencia durante 16 días (15 noites) ou 8 días (7 noites).



- Aloxamento en **habitacións compartidas** e manutención en réxime de pensión completa. Só se autorizará o aloxamento en habitacións individuais mediante informe médico que acredite a súa necesidade.
- Desprazamento en autobús dende os lugares que se establezan nas localidades que corresponda :
 - Saídas á **Residencia de Tempo libre de Panxón (Nigrán)** dende as localidades de **Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela e Ourense.**
 - Saídas á **Residencia de Tempo libre do Carballiño (O Carballiño):** dende as localidades de **Lugo, Pontevedra e Vigo.**
- Actividades de animación sociocultural.

A recollida das persoas participantes efectuaranse os días 23 e 31 de decembro, e a volta os días 30 de decembro e 7 de xaneiro respectivamente, despois do almorzo.

Persoas beneficiarias:

- a) Ter 60 anos cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Estar empadroadas nalgún concello galego.
- c) Vivir soas no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- d) **Valerse por si mesmo** e non padecer enfermidade transmisíble con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou de conduta, que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da estada.

Recoméndase estar vacinado fronte a COVID-19 e a GRIPE segundo o calendario sanitario vixente.

Para a selección das persoas participantes daráselle **preferencia** ás persoas que:

- Perderan ao seu cónxuxe ou persoa coa que convivisen nos últimos dous anos.
- Teñan máis idade
- Non participaran no Programa Xuntos polo Nadal en pasadas edicións.

Solicitudes:

As solicitudes, acompañadas do informe social e da declaración responsable, formularase nos modelos establecidos ao efecto e estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa que corresponda.

Estes impresos están á disposición das persoas interesadas na páxina web

<https://politicasocial.xunta.gal/gl>

Prazo e lugares de presentación de solicitudes:

Desde o día 11 de novembro ata o día 25 de novembro de 2025 (ambos incluídos)

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, no seguinte enderezo:

[https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?
codtram=PR004A&ano=2025&numpub=1&lang=es](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A&ano=2025&numpub=1&lang=es)

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Opcionalmente, poderanse presentar de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común e dirixiranse ao departamento territorial correspondente en función do ámbito territorial do solicitante.

Prezo da praza:

As persoas participantes asistirán de forma gratuíta ao programa.

Os gastos de desprazamento desde o domicilio dos adxudicatarios ata o lugar de saída que se indique nas localidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo e viceversa serán por conta da persoa participante.

Documentación:

As persoas ás que se lle adxudique praza terán que confirmar a súa asistencia e, no momento de incorporarse ao programa, ir provistas de:

- DNI ou pasaporte en vigor.
- Deberá aportarse **informe médico actualizado e detallado** no caso de padecer algunha limitación, enfermidade ou condición que requira atención específica (control sanitario, tratamento farmacolóxico, alimentación, accesorio de apoio ou outras medidas de adaptación).

Unicamente se admitirá a solicitude de **habitación individual** cando un informe médico oficial, emitido por un especialista do sistema público de saúde, xustifique de forma expresa e fundamentada a necesidade por razóns médicas



graves ou de risco sanitario. En ausencia da devandita acreditación, non se prestará ningún tipo de atención especial nin se asignará habitación individual.

- Tarxeta sanitaria, medicación habitual necesaria e/ou accesorios para o transcurso da estadia.
- Roupa cómoda.

Observacións:

O **abandono do programa agás por forza maior** leva consigo a imposibilidade de participar en futuras edicións.

Para máis información poden consultar a páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade, ou dirixirse a:

- **Consellería de Política Social e Igualdade**

Subdirección Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.

Teléfonos: 981547437 / 881999183

Correo electrónico: subxeaiss.politicasocial@xunta.gal

O Teléfono Social: 900 333 666 (gratuíto).

Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade

Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal

Rúa Concepción Arenal, 7-9. 15006 **A Coruña**.

Teléfono: 881 881 536

Rúa Serra de Ancares, 68 baixo. 27003 **Lugo**

Teléfonos: 982 889 136 - 982 889 160

Rúa Concello, 4. 32003 **Ourense**

Teléfono: 988 788 111

Praza da Estrela, s/n - 3º Andar. 36201 **Vigo**

Teléfono: 986 817 214



- **Os centros socio comunitarios** da Consellería de Política Social e Igualdade
- **Os servizos sociais comunitarios dos concellos, así como os departamentos de servizos sociais de atención primaria, de atención especializada de saúde ou dos hospitais.**